

## Votar

Cerca do colexio electoral, encóntrase unha rapaza feita, aínda que non de moi boa familia, que ten como propósito ir votar. Porque todo o mundo sabe (ou debe saber) que as mulleres adquiriron o dereito a voto en 1977, tempo en que se comezou a recuperar a liberdade democrática pasado o falecemento do que algúns consideraban o seu Deus. Que enganados os tiñan! Aínda que o pensamento desta moza non era moi dispar, pois volvería uns anos para atrás sen ter coñecemento.

O vindeiro venres coñeceranse os resultados das votacións na televisión. A nena, coma calquera outra, desexaba a vitoria da persoa á que seguía cos ollos pechados. Coma a ovella e o lobo...

Gañou...? Gañou! A moza festexou coma nunca na súa tan curta vida, cal non era suficiente pra ter as ideas ben claras. Quixo saír da casa e celebrar a "vitoria". Que? Non abre, debe de ter posto o fecho. Ao xirarse pra coller as chaves... Por que hai un home sentado no sofá, coma se non tivese máis que facer no día? E eu que fago cunha escoba na man coma se fose unha criada? E esta roupa? Aseméllome a miña avoa con este mandil...

